

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, un novo procedemento, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.2º e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e régúlase a atención ao cidadán.

DSPONÓ:

Artigo único.

1. Inclúese no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os que está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e queda pois, habilitado cos efectos previstos no seu artigo 5.1º, o seguinte procedemento:

TR803A Comunicación de apertura ou reiniciación de actividade de centros de traballo.

2. O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo <http://www.xunta.es/servicios/>.

Disposición derradeira

Única.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 26 de outubro de 2009 pola que se resolve a Orde do 2 de febreiro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 23, do 3 de febreiro), pola que se regula a concesión de axudas a concellos de Galicia para compensar os danos sufridos en instalacións deportivas de titularidade pública polos efectos do temporal acaecido en Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009.

1. Outórganse as subvencións económicas para as finalidades concretas que en cada caso se indican a favor dos concellos propostos, que se identifican e enumeran seguidamente:

Provincia: A Coruña.

Concello	CIF	Actuación proposta	Importe actuación (€)	Importe solicitado (€)	Importe subvención (€)
Boiro	P1501100J	Reparación danos pavillón polideportivo de Bealo	17.632,00	17.632,00	3.194,92
Boiro	P1501100J	Reparación danos pavillón polideportivo de Abanqueira	19.093,69	19.093,69	3.459,78
Boqueixón	P1501200H	Reparación danos campo de fútbol de Lestedo	14.801,47	14.801,47	2.682,03
Camariñas	P1501600I	Reparación danos campo de fútbol Irmás Patiño	22.565,42	22.565,42	4.088,85
Cariño	P1509500C	Reparación danos pavillón polideportivo municipal	200.000,00	200.000,00	36.240,00
Carnota	P1502000A	Reparación danos polideportivo de Carnota	173.681,93	173.681,93	31.471,17
Cedeira	P1502200C	Reparación danos polideportivo municipal	15.901,99	15.901,99	2.881,44
Coirós	P1502700F	Reparación danos piscina municipal	35.397,40	35.397,40	6.414,01
Culleredo	P1503100H	Reparación danos campo de fútbol do Burgo	12.561,64	12.561,64	2.276,17
Culleredo	P1503100H	Reparación danos campo de fútbol de Tarrío	12.090,92	12.090,92	2.190,87
Curtis	P1503200F	Reparación danos pavillón polideportivo de Teixeira	12.649,92	12.649,92	2.292,17
Curtis	P1503200F	Reparación danos campo de fútbol de Curtis	12.959,99	12.959,99	2.348,35
Dodro	P1503300D	Reparación campo de fútbol Chenlo	30.691,71	30.691,71	5.561,34
Dumbría	P1503400B	Reparación pavillón e vestiarios municipais	12.000,00	12.000,00	2.174,40
Fene	P1503600C	Reparación danos piscina municipal de Centeiras	12.630,66	12.000,00	2.174,40
Laxe	P1504100G	Reparación danos cuberta polid. municipal	12.741,09	12.741,09	2.308,69
Melide	P1504700D	Reparación danos campo de fútbol municipal	12.412,00	12.412,00	2.249,05
Miño	P1504900J	Reparación danos campo de fútbol municipal	12.437,29	12.437,29	2.253,64
Mugardos	P1505200D	Reparación danos pista polideportiva colexio Catro Camiños	14.088,64	14.088,64	2.552,86
Narón	P1505500G	Reparación danos pista polideportiva da Solaina	41.157,21	41.157,21	7.457,69
Neda	P1505600E	Reparación campo de fútbol San Isidro	18.084,40	18.084,40	3.276,89
Negreira	P1505700C	Reparación campo de fútbol de Cepelo	16.682,42	16.682,42	3.022,85
Noia	P1505800A	Reparación pavillón municipal polideportivo	172.229,08	172.229,08	31.207,91

Concello	CIF	Actuación proposta	Importe actuación (€)	Importe solicitado (€)	Importe subvención (€)
Oleiros	P1505900I	Reparación pista polideportiva cuberta	12.476,64	12.476,64	2.260,77
Ordes	P1506000C	Reparación danos campo de fútbol	30.415,42	30.415,42	5.511,27
Ordes	P1506000C	Reparación danos polideportivo municipal	24.847,20	24.847,20	4.502,31
Ortigueira	P1506200C	Reparación danos pavillón polid. CEIP José María Lage	64.044,97	64.044,97	11.604,95
Ortigueira	P1506200C	Reparación danos pistas de pádel da Pregoza	26.508,47	26.508,47	4.803,33
Ortigueira	P1506200C	Reparación danos pista polideportiva do Viso	13.612,99	13.612,99	2.466,67
Ortigueira	P1506200C	Reparación danos piscina municipal da Pregoza	13.511,00	13.511,00	2.448,19
Outes	P1506300A	Reparación danos pavillón polideportivo municipal de Serra de Outes	38.750,39	38.750,39	7.021,57
Santa Comba	P1507800I	Reparación danos campo de fútbol Fontenla	13.453,94	13.453,94	2.437,85
Santa Comba	P1507800I	Reparación danos pavillón de Fontenla	23.194,20	23.194,20	4.202,79
Santa Comba	P1507800I	Reparación danos campo de fútbol de Castriz	13.800,46	13.800,46	2.500,64
Santiago de C.	P1507900C	Reparación danos polideportivo Apóstolo Santiago	28.406,57	28.406,57	5.147,27
Somozas (As)	P1508200A	Reparación danos polideportivo As Somozas	32.850,00	32.850,00	5.952,42
Somozas (As)	P1508200A	Reparación danos campo de fútbol Pardiñas	15.370,75	15.370,75	2.785,18
Somozas (As)	P1508200A	Reparación danos pista polideportiva Pena Eiriz	14.569,57	14.569,57	2.640,01
Touro	P1508600B	Reparación pista polideportiva de Turces	14.083,39	14.083,39	2.551,91
Vedra	P1509000D	Reconstrución da cuberta do pavillón polideportivo de Vedra	12.105,03	12.105,03	2.193,43

Provincia: Lugo.

Concello	CIF	Actuación proposta	Importe actuación (€)	Importe solicitado (€)	Importe subvención (€)
Baralla	P2703600C	Reparación danos pavillón polideportivo municipal	12.400,00	12.400,00	2.246,88
Becerreá	P2700600F	Reparación danos do campo de fútbol municipal	17.756,70	17.756,70	3.217,51
Burela	P2706800F	Reparación campo de fútbol A Marosa	45.644,18	45.644,18	8.270,73
Cospeito	P2701500C	Reparación danos campo de fútbol de Cospeito	14.500,00	14.500,00	2.627,40
Foz	P2701900I	Reparación campo de fútbol Vilaxoane	14.500,00	14.500,00	2.627,40
Lourenzá	P2702700B	Reparación danos campo de fútbol municipal	18.241,06	18.241,06	3.305,28
Nogais (As)	P2703700A	Reparación danos pavillón deportivo municipal As Nogais	41.886,43	41.886,43	7.589,82
Palas de Rei	P2704000E	Reparación danos polideportivo municipal	18.766,42	18.766,42	3.400,48
Pantón	P2704100C	Reparación do campo de fútbol do Balaño	15.834,41	15.834,41	2.869,20
Pedrafita do Cebreiro	P2704500D	Reparación danos pavillón polideportivo	13.038,40	13.038,40	2.362,56

Provincia: Ourense.

Concello	CIF	Actuación proposta	Importe actuación (€)	Importe solicitado (€)	Importe subvención (€)
Bola (A)	P3201500J	Reparación danos campo de fútbol municipal	21.460,48	21.460,48	3.888,64
Carballada de Avia	P3201800D	Reparación danos pavillón municipal Abelenda	13.649,40	13.649,40	2.473,27
Carballiño (O)	P3202000J	Reparación campo fútbol municipal Espiñedo	55.136,57	55.136,57	9.990,75
Castrelo de Miño	P3202300D	Reparación danos Club Náutico	14.352,88	14.352,88	2.600,74
Cortegada	P3202800C	Reparación cuberta pavillón municipal Mara Míguez	18.014,67	18.014,67	3.264,26
San Amaro	P3207500D	Reparación danos campo de fútbol de Salamonde	12.000,00	12.000,00	2.174,40

Concello	CIF	Actuación proposta	Importe actuación (€)	Importe solicitado (€)	Importe subvención (€)
Sarreus	P3207900F	Reparación danos pavillón de deportes	14.346,35	9.894,03	1.792,80
Verín	P3208600A	Reparación danos campo de fútbol José Arjiz	15.184,74	12.000,00	2.174,40
Viana do Bolo	P3208700I	Reparación danos polideportivo municipal	32.814,45	32.814,45	5.945,98

Provincia: Pontevedra.

Concello	CIF	Actuación proposta	Importe actuación (€)	Importe solicitado (€)	Importe subvención (€)
Cerdedo	P3601100E	Reparación danos no pavillón e pista polideportiva municipal anexa	14.939,01	14.939,01	2.706,95
Estrada (A)	P3601700B	Reparación danos campo de fútbol da Baiuca	23.475,18	23.475,18	4.253,70
Portas	P3604000D	Reparación danos pavillón polideportivo A Rapeira	58.170,10	58.170,10	10.540,42
Rodeiro	P3604700I	Reparación danos campo de fútbol de Río	12.597,04	12.597,04	2.282,58
Silleda	P3605200I	Reparación danos en pavillón municipal	150.320,55	150.320,55	27.238,08
Soutomaio	P3605300C	Reparación danos campo de fútbol municipal de Salgueirón	12.409,80	12.000,00	2.174,40
Valga	P3605600J	Reparación do campo de fútbol de Baño	82.682,65	82.682,65	14.982,10
Vigo	P3605700H	Reparación danos campo de fútbol de Candeán	57.953,93	57.953,93	10.501,25
Vigo	P3605700H	Reparación danos campo de fútbol do Meixoeiro	14.446,19	14.446,19	2.617,65
Vigo	P3605700H	Reparación danos campo de fútbol de Monte da Mina	32.694,84	32.694,84	5.924,31
Vigo	P3605700H	Reparación danos campo de fútbol de Bouzas	49.167,09	49.167,09	8.909,08
			2.214.875,38	2.206.197,86	399.763,06

2. Ter por desistidos das súas peticións por non ter procedido á emenda da súa solicitude, de acordo co requirimento para o efecto realizado nos termos do artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aos seguintes interesados:

Concello	CIF	Provincia	Actuación proposta	Causa
Baña (A)	P1500700H	A Coruña	Reparación danos pavillón polideportivo de Lañas	Non emenda documentación
Cerceda	P1502400C	A Coruña	Reparación danos polideportiva A Silva	Non emenda documentación
Cerceda	P1502400C	A Coruña	Reparación danos no centro deportivo do Roxo	Non emenda documentación
Fisterra	P1503800C	A Coruña	Reparación danos no campo de fútbol	Non emenda documentación
Padrón	P1506600D	A Coruña	Reparación danos campo de fútbol municipal	Non emenda documentación
Pontedeume	P1507000F	A Coruña	Reparación danos pavillón A Casqueira	Non emenda documentación
Santa Comba	P1507800I	A Coruña	Reparación danos no campo de fútbol de Barreiro	Non emenda documentación
Santiago de Compostela	P1507900G	A Coruña	Reparación danos no campo de fútbol As Cancelas	Non emenda documentación
Santiago de Compostela	P1507900G	A Coruña	Reparación danos no campo de fútbol de Conxo	Non emenda documentación
Cospeito	P2701500C	Lugo	Reparación danos no pavillón polideportivo Feira do Monte	Non emenda documentación
Xermade	P2702100E	Lugo	Reparación danos no campo de fútbol de Cabreiros	Non emenda documentación
Xermade	P2702100E	Lugo	Reparación danos campo de fútbol de Cazás	Non emenda documentación

3. No caso dos concellos solicitantes que se relacionan de seguido, foi emitido informe técnico polo Servizo de Supervisión de Proxectos e Seguimento de Obras da Secretaría Xeral para o Deporte en relación cos proxectos presentados polos concellos solicitantes, enviando as conclusións aos interesados e concedendo trámite de audiencia para a presentación de alegacións ou xustificantes que considerasen oportunos. Non tendo presentado alegacións por parte destes ou, se é o caso, non sendo as alegacións suficientes para desvirtuar o contido dos informes técnicos ou para acreditar a procedencia da concesión de subvención, propónse a súa exclusión.

Concello	CIF	Provincia	Actuación proposta	Causa
Curtis	P1503200F	A Coruña	Reparación danos pavillón polideportivo de Curtis	Actuación de carácter menor (artigo 2º)
Paderne	P1506500F	A Coruña	Reparación danos na polideportiva Vigo	Danos non relacionados co temporal (artigo 1º)
Santa Comba	P1507800I	A Coruña	Reparación danos no campo de fútbol de Alón	Actuación de carácter menor (artigo 2º)
Santa Comba	P1507800I	A Coruña	Reparación danos pista polideportiva de Bazar	Actuación de carácter menor (artigo 2º)
Santa Comba	P1507800I	A Coruña	Reparación danos pista polideportiva de Caselas	Actuación de carácter menor (artigo 2º)
Santa Comba	P1507800I	A Coruña	Reparación danos piscina exterior	Actuación de carácter menor (artigo 2º)
Santa Comba	P1507800I	A Coruña	Reparación danos piscina interior climatizada	Actuación de carácter menor (artigo 2º)
Ribadumia	P3604600A	Pontevedra	Reparación danos pista polideportiva Lois (canastras)	Actuación de carácter menor (artigo 2º)

4. Aceptar as renuncias e desistencias das súas solicitudes presentadas polos seguintes interesados:

Ayuntamiento	CIF	Provincia	Actuación proposta	Causa
Pontenova (A)	P2704800H	Lugo	Reparación danos instalacións deportivas municipais	Renuncia

Resolución:

Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da oportuna notificación ou, se é o caso, a partir do día seguinte ao da publicación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2009.

Por desconcentración (Decreto 325/2009)
José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Decreto 404/2009, do 29 de outubro, polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada AC-566 (Narón AC-862)-Campo do Hospital (AC-862), p.k. 12+020 ao 13+050, a prol do Concello de Valdoviño.

A teor do previsto no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo de acordo entre as administracións afectadas.

Por outra parte, a lei dispón no artigo 54 que as estradas autonómicas ou os treitos determinados delas nos que a circulación adquire características urbanas, se lles entregarán aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da Administración titular e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ambos os organismos.

No punto 5 da cláusula segunda do convenio asinado entre o Concello de Valdoviño e a Xunta de Galicia se prevese a transferencia, a prol do Concello de Valdoviño, da titularidade da vía Narón-Campo do Hospital, p.k. 12+020 ao p.k. 13+050, de tal xeito que se procede ao inicio do procedemento administrativo da transferencia.

A Dirección Xeral de Obras Públicas, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formula proposta favorable á transferencia da titularidade. Desta proposta déuselle traslado ao Concello da Valdoviño que, con data do 29 de maio de 2007, manifesta a súa aceptación.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas estima axeitado o cambio de titularidade do treito mencionado, tendo en conta que adquiriu características netamente urbanas.

Polo exposto, consonte o previsto na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, tras o acordo entre as administracións afectadas, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e nove de outubro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Apróbase o cambio de titularidade a favor do Concello de Valdoviño do treito da estrada AC-566 (Narón AC-862)-Campo do Hospital(AC-862), p.k. 12+020 ao 13+050.